



Concello de Xermade

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía 2026-169 de data 30/04/2026 acordouse o seguinte:

“CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL

“LETRAS GALEGAS 2026”

A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE XERMADE convoca a fase local do CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL LETRAS GALEGAS 2026, de acordo coas seguintes bases:

1.- Poden participar todas as nenas e nenos con:

A) **Narracións**, en galego, cunha extensión máxima de **1 folio por unha soa cara**,

B) **Debuxos**, feitos sobre **papel ou cartulina** tamaño **DIN A4**

sobre o tema proposto:

“Medrar lendo”

Ao largo da vida, hai momentos que nos cambian: cando aprendemos a ler as nosas primeiras palabras, cando descubrimos un conto que nos fai rir sen parar ou cando atopamos unha historia que parece falarnos directamente ao corazón.

Invítámoste a recordar e contar eses instantes especiais nos que os libros foron os teus compañeiros, axudándote a entender o mundo, a sentirte acompañado e a imaxinar novos camiños

2.- Cada autor pode presentar cantos traballos desexa, mecanografados, escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Con cada traballo, acompañarase unha folla co nome e demais datos do autor en LETRA MAIÚSCULA.

3.- Establécense tres categorías: A, ata 8 anos; B, de 9 a 11 anos; e C de 12 a 16 anos.

4.- O prazo de presentación dos traballos rematará o vindeiro 11 de maio, debendo ser entregados polos seus autores na BIBLIOTECA MUNICIPAL.

5.- O xurado estará composto por Dona Nélica Coira Pena, concelleira delegada de Benestar social, Igualdade e Participación cidadá do Concello de Xermade; Dona Uxía Lamas Paz, profesora de infantil do CEIP de Xermade; Dona Lucía Guizán Trastoy, educadora familiar do Concello de Xermade e Laura María Pardo Vila, auxiliar de biblioteca do Concello de Xermade.

6.- Serán premiados 3 traballos por modalidade e categoría os cales participarán na fase provincial do Certame, convocada pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia.

7.- Os premios consistirán nun diploma acreditativo e un lote de libros por valor de 30 €.





Concello de Xermade

8.- Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

9.- Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

10.- A presentación das obras a este Certame supón a aceptación das presentes bases.

Xermade, 30 de abril de 2026.

O Alcalde, Roberto García Pernas.

**NOTA: A todos os efectos, en caso de erro, terá prioridade o texto publicado na lingua cooficial.*

